

XVII CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE

A Deputación provincial de Ourense, co obxectivo de promover e apoiar ós novos valores nos distintos eidos das artes plásticas, convoca o **XVII CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE**, destinado a premiar e difundir os traballos dos creadores máis novos.

O certame rexeráse polas seguintes:

BASES

1.- A convocatoria realízase para as **modalidades de pintura, escultura, gravado e calquera outro tipo de expresión artística** (vídeo, arte dixital, instalacións, etc).

2.-Poderán participar tódolos artistas con edades comprendidas **entre os 18 e os 35 anos**.

3.-**A temática será libre**, admitíndose todo tipo de tendencia estética. Na realización da obra poderase empregar calquera tipo de técnica e material.

4.-Cada concorrente poderá participar cun **máximo de dúas obras**, aínda que pertencen a distintas modalidades.

5.-As obras axustaranse ás seguintes **características**:

Pintura: Non superior a 2 metros en calquera das súas dimensións.

Escultura: Terá unha altura máxima de 1,80 metros e unha base que non superará o 1x1 metro.

Gravado e outras expresións artísticas: Medidas libres

6.-As obras non poderán estar premiadas con anterioridade en ningún outro certame artístico.

7.-Establécense os seguintes premios, sen distinción de modalidade:

Primeiro premio.- 5.000 euros
Segundo premio.- 3.000 euros
Terceiro premio.- 2.000 euros
Dous accésits de 1.000 euros cada un

O xurado pode conceder accésits honoríficos, se o estima oportuno, en vista da calidade dos traballos presentados. Tamén pode declarar deserto calquera dos premios.

8.- O prazo de presentación das obras establecerase dende a convocatoria deste certame no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o día 11 de xuño de 2023. As obras inscribíranse en **formato on line**, a través da **plataforma** www.mundoarti.com

9.- A inscrición será gratuita para o concursante, o cal deberá asumir os gastos de envío e devolución da/s obra/s no caso de ser seleccionado.

10.- A Deputación realizará unha **exposición** (mes de setembro) cunha selección dos traballos presentados e realizará o correspondente **catálogo**.

11.- O **xurado** estará integrado por un mínimo de cinco membros vencellados ao mundo das artes plásticas.

12.- Os titulares das obras non premiadas deberán retirar estas unha vez rematada a exposición, cun prazo máximo dun mes. Unha vez superado o mesmo, os organizadores declinan calqueira responsabilidade sobre as mesmas.

13.- Os artistas autorizan á Deputación a empregar a imaxe das súas obras en calquera formato e sen límite de tempo. As obras premiadas pasarán a formar parte dos fondos artísticos da Deputación de Ourense

14.- A participación neste certamen supón a **aceptación destas bases** e o veredicto do xurado.